

MESA SECTORIAL**25/11/2024****PUNTO ÚNICO DA ORDE DO DÍA: CONCURSO DE TRASLADOS DE ADULTOS.**

Agradecer, en primeiro lugar, que a Administración tivese en conta a petición realizada por ANPE o curso pasado de establecer un procedemento específico de participación na sede electrónica para este concurso

Na base cuarta, igual que fixemos na orde do concurso de orientación, solicitamos que se elimine o requisito dos dous anos desde o último destino definitivo. Neste caso o prexuízo para o profesorado é maior que no caso do concurso de orientación xa que, mentras este último se convoca practicamente todos os anos, o de adultos se convoca con moita menos periodicidade. Nesta mesma base agradecemos tamén que se tivese en conta a petición efectuada por ANPE o curso pasado de permitir a participación do profesorado en prácticas.



Tamén solicitamos a inclusión no texto dun apartado que indique que se fará pública a finalización da baremación dos aspirantes e o aumento do prazo de presentación de solicitudes a 20 días hábiles.

No tocante ao baremo demandamos a retirada do apartado 6.4 e tamén solicitamos que no apartado 7.2 se puntúe a experiencia en todos os centros que imparten ensinanzas de adultos e non soamente nas EPA, INGABAD, CEGEBAD e as súas extensións.